

Información básica para música

2º ESO

2º curso da ESO

Concreción dos obxectivos didácticos

Os obxectivos propostos nesta programación para o 2º curso da ESO, que van contribuír á consecución dos obxectivos xerais de etapa e tamén á consecución dos de área son os seguintes:

- Ler con corrección partituras sinxelas e saber analízalas nos seus aspectos básicos (ritmo, melodía, armonía, forma).
- Seguir en partitura diferentes exemplos de audicións musicais.
- Escribir música de maneira correcta e realizar ditados rítmicos e melódicos sinxelos.
- Recoñecer polo seu timbre os diferentes instrumentos musicais, coñecer as súas características principais e o papel que tiveron no desenvolvemento da historia da música.
- Cultivar en todo momento hábitos posturais e cinéticos correctos e saudables.
- Identificar as cualidades do son (altura, duración, intensidade e timbre) como variables da música e aplicarlas á percepción musical.
- Recoñecer, identificar e relacionar os elementos básicos da linguaxe musical (ritmo, melodía, textura...) e as súas bases teóricas.
- Usar a voz como instrumento natural útil para a expresión de ideas e sentimentos.
- Interpretar colectivamente cancións de distintos tipos cunha técnica axeitada e correcta musicalidade.
- Interpretar co instrumento musical de iniciación pezas musicais, valorando a interpretación conxunta como unha actividade de cultura e tradición.
- Iniciarse no coñecemento da música popular e a súa función social.
- Utilizar instrumentos populares e de construción propia no acompañamento de cancións.
- Relacionar e distinguir nas audicións as diferentes cualidades do son.

- Clasificar os instrumentos musicais segundo os criterios da clasificación sistemática.
- Recoñecer de forma visual e auditiva as diferentes familias dos instrumentos máis usuais.
- Examinar os distintos estilos musicais actuais e o momento no que xorden.
- Analizar o proceso publicitario, o papel que desempeña e as técnicas que interveñen.
- Amosar unha actitude aberta e sen prexuízos fronte a calquera tipo de música.
- Valorar a interpretación e a recepción da música en directo.
- Entender o silencio como necesario para a música, as relacións cos demais e o noso propio benestar.
- Comprender a música como un proceso alleo a comportamentos sexistas e cun grande valor potencial na consecución da paz.
- Saber coidar e respectar os materiais dos que dispoñemos para a música.
- Coñecer e practicar as condutas axeitadas nos concertos cando formen parte do público e tomar conciencia da importancia que, para o feito musical como arte, ten un público crítico ben formado.
- Valorar con criterios obxectivos o nivel artístico dunha interpretación musical.

Contidos mínimos esixibles:

Como contidos mínimos para o 2º curso da ESO propóñense os seguintes:

- As cualidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
- Os signos básicos de representación musical: pentagrama, claves, notas, liñas adicionais, liñas divisorias.
- Os diferentes tipos de acento: binario, ternario e cuaternario.
- A formación de compases atendendo á súa fracción.
- As distintas figuras e silencios.
- Os elementos constitutivos dunha melodía a nivel formal: frase, semifrase, motivo, sección...
- A formación da escala diatónica.
- A formación do acorde tríade.
- A clasificación dos intervalos.
- Os tipos de textura: monódica e polifónica.

- As distintas familias instrumentais: corda, vento, percusión, electrónicos.
- Interpretación instrumental coa frauta de diferentes obras e cancións sinxelas
- Diferenciación auditiva dos instrumentos
- Atención na interpretación
- Os distintos tipos de voces: de home e brancas. .
- As características principais dos distintos estilos musicais de diferentes culturas e civilizacións.
- Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
- Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Respeto ó traballo no aula, ó profesor e ós compañeiros.

Procedementos:

- Manexa adecuadamente a información.
- Investiga e localiza os datos correctamente.
- Ten capacidade de análise-síntese.
- Utiliza con corrección o vocabulario básico da área.
- Memoriza a información básica.
- Ten sentido crítico e independencia de xuízo.
- Usa con corrección as técnicas instrumentais.
- Representación gráfica.
- Situación espacio-temporal.
- Ten oído musical.
- Ten sentido do ritmo.
- Destreza no manexo dos instrumentos musicais.
- Práctica de relaxación.
- Exprésase oralmente e por escrito con fluidez e corrección.
- Curiosidade e creatividade.
- Improvisa: melodías, ritmos, instrumentación.
- Investiga sobre a orixe das obras musicais e os seus autores.
- Coida a presentación dos traballos.
- É ordenado.
- É limpo.
- Segue un esquema de traballo.
- Acaba os seus deberes.
- Utiliza bibliografía e sabe seleccionar os libros máis convenientes para o seu traballo.
- Traballa segundo dos requisitos establecidos para un traballo cooperativo.

Instrumentos de avaliación

Para avaliar teranse en conta os seguintes **medios**:

1. **Observación persoal.** (Terase unha ficha para cada alumno cos contidos de avaliación, irase cumprimentando o longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe).
2. **Probas:** orais, escritas, de interpretación e de improvisación.
3. **Valoración dos traballos** da clase e de investigación, tanto bibliográfica como de campo (bibliotecas, hemerotecas, folclore autóctono, arquivos, etc.).
4. **Autoevaluación:** realizarase por medio dun cuestionario preparado polo profesor.

Dado que a avaliación é un proceso complexo o desglosaremos nas seguintes categorías:

A **avaliación inicial** permitirá ao profesor coñecer a situación da que parte o alumno: os seus coñecementos previos os seus pre-concepcións, etc. Tamén permite ao alumno/a familiarizarse cos problemas e termos que se van a traballar: sitúalle ante problemas novos, orienta as súas reflexións, familiarízalle cunha nova linguaxe.

Esta avaliación inicial deberá realizarse ao comezo do curso , dun modo máis exhaustivo, e ao comezo de cada nova Unidade didáctica optarase por unha indagación oral.

A **avaliación formativa**, ou a función formativa da avaliación, acompañará a todo o proceso de aprendizaxe.

Para levar a cabo tal tipo de avaliación pódense empregar multitude de procedementos: desde os máis clásicos exames periódicos, ata a observación da actitude de cada alumno, do seu interese polas cuestións traballadas, a autoevaluación por parte dos propios alumnos de traballos propostos, incitar aos alumnos a reflexionar sobre o que aprenderon e sobre a racionalidade ou pertinencia das súas propias pre-concepcións, etc.

Finalmente a **avaliación sumativa**, debe permitir avaliar en que medida conseguíronse os obxectivos propostos, e debe permitir a reflexión sobre a adecuación dos métodos de obtención deses obxectivos, ou sobre a pertinencia dos obxectivos mesmos.

A avaliación sumativa levará a cabo ao finalizar unha determinada fase de aprendizaxe, unidade didáctica, bloque temático, nivel, etc.

Criterios de cualificación

En 2º da ESO a nota final de cada avaliación, así como a avaliación final será o reflexo da parte teórica , práctica e actitudes que se valorarán da seguinte forma:

Teoría: un 60 % da nota final.

Práctica: un 30% da nota final.(a práctica divídese en dúas partes: instrumental 20% da nota e lectura musical 10% da nota final, en caso de non facer lectura musical a porcentaxe pasarase á proba da práctica instrumental).

Actitudes (traballo diario na clase, deberes sen facer, comportamento): un 10% da nota final.

Farase dous exames teóricos por avaliación, con dez preguntas cada un, **a nota de cada exame teórico debe ser como mínimo un 3 para facer media, por debaixo desta nota non se fará media.**